

**ACTA NÚM. 2/2025.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O  
DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de febreiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:  
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.  
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:  
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.  
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.  
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:  
MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste o interventor do Concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14.01.2025.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 18.12.2024 AO 14.02.2025.

3º) DACIÓN DE CONTA DA PRÓRROGA DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TMG NA ÁREA DE SANTIAGO ASINADO CON DATA 09.12.2020, PARA OS ANOS 2025, 2026, 2027 E 2028.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE DESISTIMENTO DO CONTRATO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

5º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL O DÍA 10.02.2025 POR MOR DO PASAMENTO DE XOSÉ VIZOSO.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS OU ARITMÉTICOS NO INVENTARIO A 31.12.2023 APROBADO POLO PLENO DO 16.10.2024.

7º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ADHESIÓN AO CONVENIO GES 2025-2027.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2025.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14.01.2025.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 1/2025, do 14.01.2025.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 18.12.2024 AO 14.02.2025.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00819/2024	13/12/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. PAGA EXTRA DECEMBRO 2024.
00820/2024	16/12/2024	DECRETO CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 17/12/2024 ÁS 14: HORAS
00821/2024	16/12/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAIS NEDGIA GALICIA, S.A.
00822/2024	16/12/2024	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL (PEÓN GES) POR SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR EN SITUACIÓN DE ILT.
00823/2024	17/12/2024	DECRETO ERRÓNEO - BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000656743
00824/2024	17/12/2024	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA DA PRAZA DE TÉCNICO DE DEPORTES
00825/2024	18/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/77 (+3.000)

00826/2024	18/12/2024	ACHEGA 2024 CONVENIO FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO 2024
00827/2024	18/12/2024	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 21/2024, POR XERACIÓN DE CRÉDITO. POS REDUCCIÓN DE DÉBEDA
00828/2024	19/12/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033841
00829/2024	19/12/2024	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000656743
00830/2024	19/12/2024	RESOLUCIÓN ORDINARIA DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 24491/2024
00831/2024	20/12/2024	REDUCION DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA. POS 3/2024
00832/2024	20/12/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO DE ÓRGANO E REGULACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS NO CONCELLO DE BRIÓN
00833/2024	20/12/2024	RELACIÓNS DE FACTURAS ENERXÍA ELÉCTRICA
00834/2024	20/12/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 198
00835/2024	20/12/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. GASTOS 2023.
00836/2024	20/12/2024	RESOLUCIÓN Á RECLAMACIÓN PRESENTADA AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL.
00837/2024	23/12/2024	ACHEGA 2024 CONVENIO PARA XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA "AS PEGADAS DE ROSALIA"
00838/2024	23/12/2024	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO PARA GDR (MRR)
00839/2024	24/12/2024	RENOVACIÓN LICENZA MUNICIPAL ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00840/2024	24/12/2024	DECRETO RETIRADA DUNHAS COLUMNAS QUE INVADEN UN CAMIÑO PÚBLICO
00841/2024	24/12/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO DE APROBACIÓN M.C. Nº 19/2024. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2024
00842/2024	24/12/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO APROBACIÓN M.C. Nº 20/2024. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024
00843/2024	26/12/2024	ASISTENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS (01.07.2024 AO 31.12.2024)
00844/2024	26/12/2024	DECRETO DIETAS E LOCOMOCIÓNS PERSOAL CONCELLO ANO 2024
00845/2024	26/12/2024	CORRECCIÓN DE ERRO DECRETO 024/G003/000835 DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA ESCOLARIZACIÓN 2024-2025
00846/2024	26/12/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00847/2024	27/12/2024	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. DECEMBRO 2024.
00848/2024	27/12/2024	MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 23/2024 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
00849/2024	27/12/2024	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR EXPTE: 2024/G003/000884
00850/2024	27/12/2024	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LBT2.24 - 2º TRIMESTRE 2024
00851/2024	30/12/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - DECEMBRO 2024
00852/2024	30/12/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. DECEMBRO 2024.

00853/2024	30/12/2024	DECRETO DOTACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
00854/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/79 CONTRATO
00855/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/84 (+3.000)
00856/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/82 OBRAS
00857/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/80
00858/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/81
00859/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/83 (+3.000)
00860/2024	30/12/2024	PRÓRROGA DO ORZAMENTO DE 2024 PARA 2025.
00861/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/85
00862/2024	30/12/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/86 +3.000
00001/2025	08/01/2025	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 13.01.2025, ÁS 13:00H.
00002/2025	08/01/2025	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 63
00003/2025	09/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034002
00004/2025	09/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE NON IDENTIFICACIÓN DE CONDUCTOR SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034001
00005/2025	09/01/2025	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 14.01.2025, ÁS 13:00H.
00006/2025	10/01/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE: SENDA DE CANTALARRANA Á ALDEA O CABO.
00007/2025	10/01/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE: SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE.
00008/2025	13/01/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DIA 14/01/2025 ÁS 14,00 HORAS
00009/2025	13/01/2025	PADRÓN SERVIZO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XANEIRO
00010/2025	13/01/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2024
00011/2025	13/01/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2024
00012/2025	13/01/2025	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TAXA DIARIO OFICIAL DE GALICIA
00013/2025	13/01/2025	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034059
00014/2025	13/01/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PEL-REDE COWORKING 2025
00015/2025	14/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE NON IDENTIFICACIÓN DE CONDUCTOR SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034083
00016/2025	14/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034084
00017/2025	14/01/2025	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE: MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS (POS+2024).
00018/2025	14/01/2025	APROBACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES DA OBRA SOLICITADA DO POS + 2025.
00019/2025	15/01/2025	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA PARA O PROCEDEMENTO XUDICIAL PO 321/2024.

00020/2025	15/01/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DECEMBRO
00021/2025	15/01/2025	ADHESIÓN AO CONVENIO GES 2025-2027.
00022/2025	15/01/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DECEMBRO
00023/2025	15/01/2025	PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO: 2026-2028.
00024/2025	15/01/2025	REFORMULACIÓN DA SUBVENCIÓN REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DEPUTACIÓN 2025
00025/2025	15/01/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000640366
00026/2025	15/01/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462016
00027/2025	16/01/2025	LICENZA MUNICIPAL PARA A TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00028/2025	17/01/2025	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 64
00029/2025	17/01/2025	DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXTRANXEIROS
00030/2025	17/01/2025	APROBACION INICIAL DO PADRON FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024
00031/2025	17/01/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DO CONCELLO
00032/2025	20/01/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS
00033/2025	20/01/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS.
00034/2025	20/01/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS DECEMBRO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303.
00035/2025	20/01/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/1
00036/2025	21/01/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 15/2023-M
00037/2025	21/01/2025	APROBACIÓN INICIO EXPE CONTRATO BASADO EN ACORDO MARCO DA FEMP PARA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA.
00038/2025	21/01/2025	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN SERVIZOS CONSERXERÍA CEIP DE PEDROUZOS.
00039/2025	21/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034135
00040/2025	22/01/2025	APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL I - CONDUTOR
00041/2025	22/01/2025	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2025-M
00042/2025	22/01/2025	BAIXA DOS RECIBOS DO LIXO IDENTIFICADOS COS NÚMEROS FIXOS 253000498156, 253000789227 E 253000462409.
00043/2025	24/01/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2015-D
00044/2025	24/01/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 24/2020-D
00045/2025	24/01/2025	MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA POR INCORPORACIÓN DE REMANENTES AFECTADOS.
00046/2025	28/01/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA VIARIO ALDEA LAMIÑO
00047/2025	28/01/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA:

		PISTA EN BRANS DE ABAIXO E OUTROS
00048/2025	28/01/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000498019
00049/2025	28/01/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XANEIRO 2025
00050/2025	28/01/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 27/2023-D
00051/2025	30/01/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034212
00052/2025	30/01/2025	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. XANEIRO 2025.
00053/2025	30/01/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 10/2022-D
00054/2025	30/01/2025	BAIXA VOLUNTARIA SAF EXPTE. 01/2025-M
00055/2025	30/01/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA. CONVENIO GES 2024. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
00056/2025	03/02/2025	APROBACIÓN BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2025
00057/2025	04/02/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2025
00058/2025	04/02/2025	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2025
00059/2025	04/02/2025	INICIO EXPEDIENTE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA DE VARIAS PERSOAS NO PADRÓN DE HABITANTES
00060/2025	04/02/2025	DESISTIMENTO DO CONTRATO DE ABASTECIMENTO DE AUGA
00061/2025	05/02/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 13/2022
00062/2025	05/02/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034281
00063/2025	05/02/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 199
00064/2025	06/02/2025	REMATE CONTRATO PRIVADO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: DESERTO.
00065/2025	06/02/2025	REINTEGRO PAGAMENTO DUPLICADO COTAS C.P.C.C. MONTE BALADO AGOSTO E OUTUBRO 2024 (FRAS Nº 104 E 130)
00066/2025	06/02/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASADO EN ACORDO MARCO DA FEMP PARA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA.
00067/2025	06/02/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 200
00068/2025	07/02/2025	CESE COMO TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DESTE CONCELLO.
00069/2025	07/02/2025	DEVOLUCIÓN IMPORTE NON XUSTIFICADO SUBV. RISGA 2020
00070/2025	07/02/2025	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL
00071/2025	10/02/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 11/02/2025 ÁS 14: HORAS
00072/2025	10/02/2025	DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL O DÍA 10.02.2025 POR MOR DO PASAMENTO DE XOSÉ VIZOSO.
00073/2025	10/02/2025	EXCLUSIÓN DUN LICITADOR E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN NO CONTRATO DE CONSERXERÍA CEIP PEDROUZOS
00074/2025	11/02/2025	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN CONTRATO PRIVADO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO.
00075/2025	11/02/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XANEIRO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00076/2025	12/02/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA

		XANEIRO
00077/2025	12/02/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034346
00078/2025	12/02/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FEBREIRO
00079/2025	12/02/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2025-D
00080/2025	12/02/2025	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XANEIRO
00081/2025	13/02/2025	DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO COLEF CONTRA AS BASES DE SELECCIÓN DA PRAZA DE TÉCNICO DE DEPORTES.
00082/2025	13/02/2025	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 18.02.2025, ÁS 13:00H.
00084/2025	13/02/2025	CONTRATO CONCILIA ANTROIDO 2025 E CONCILIA PASCUA 2025
00083/2025	13/02/2025	DECRETO DE CONVOCATORIA DA C. I. ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS DO 18.02.2025, ÁS 13:15H.
00085/2025	14/02/2025	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 19.02.2025, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

**3º) DACIÓN DE CONTA DA PRÓRROGA DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TMG NA ÁREA DE SANTIAGO ASINADO CON DATA 09.12.2020, PARA OS ANOS 2025, 2026, 2027 E 2028.**

Dada conta do acordo adoptado con data 15.11.2024 pola Comisión de Seguimento prevista no convenio de colaboración para o desenvolvemento de transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago, prevista na cláusula 4ª do convenio formalizado con data 09.12.2020, pola que se prorroga para os anos 2025, 2026, 2027 e 2028 a vixencia do convenio de colaboración, sendo as estimacións de gasto asumidas polas partes, polo que fai referencia a este concello, as seguintes:

2025: 15.431,51 euros.

2026: 15.431,51 euros.

2027: 15.431,51 euros.

2028: 15.431,51 euros.

As achegas correspondentes ao período 2025-2028 están calculadas tendo en conta o gasto imputable a cada administración no ano 2023, e a evolución da utilización dos servizos públicos do primeiro semestre do ano 2024.

O Pleno toma coñecemento.

**4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE DESISTIMENTO DO CONTRATO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 04.02.2025, que transcrito di:

Visto o estado no que se atopa o expediente de contratación do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello de Brión.

Resultando que o anuncio de licitación do mesmo foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 13.01.2025 (Número de Expediente BR20250001).

Resultando que o prazo de presentación de ofertas remata con data 12.02.2025, non téndose presentado ata o día de hoxe ningunha empresa licitadora, segundo se desprende da propia Plataforma de Contratación.

Resultando que varios interesados teñen detectado erros nos importes dos anteproxectos aprobados que constan no expediente, así:

1. Para o proxecto de Conexión do Depósito de Boullón: mentres que a valoración do cadro resumen do orzamento total o PEM= 250.280,74 €, pola contra o importe das unidades de obra descompostas que figura no orzamento detallado suma un total en PEM= 293.936,53 €. É dicir, hai unha diferenza entre o importe determinado como total e o resultado do sumatorio das unidades de obra de 43.655,79 €. É dicir se sumamos todas as partidas do orzamento detallado pode comprobarse que suman 293.936,53 € e non 250.280,74 € como aparece alí reflectido.

2. Para o proxecto de Reforzo da rede de abastecemento de Bastavales: mentres que a valoración do cadro resumen do orzamento total o PEM=249.105,25 €, pola contra o importe das unidades de obra descompostas suma un total de PEM=259.119,28 €. O que implica unha diferenza entre o importe determinado como total e resultado do sumatorio das unidades de obra de 10.014,03 €.

Esta discrepancia supoñería un incremento do orzamento de execución material dos investimentos obrigatorios, que non estaría previsto no estudo de viabilidade, equivalente a 53.669,82 €. Deste xeito, non se pode saber cal é realmente o dato válido respecto ao orzamento de execución por contrata que se ten que tomar en consideración para elaborar a oferta, se o indicado como total no estudio de viabilidade ou o resultante da suma do desglose que figura con detalle no Documento nº 4 do Anexo VIII.

Resultando que este erro está relacionado co estudo de viabilidade da concesión obxecto do contrato.

Considerando que non é posible facer unha corrección de erros posto que baixo o pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, non pode a administración encubrir unha auténtica revisión, que require un procedemento específico.

Considerando que o Pleno do Concello en sesión do 18.12.2024 acordou facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente, resollo:

1º) Desistir do procedemento de adxudicación deste contrato por razón de interese público fundado nunha infracción non subsanable, posto que unha corrección de erros dos importes dos anteproxectos desvirtuaría o procedemento ao estar vinculado co estudo de viabilidade.

2º) Publicar esta resolución no perfil de contratante do concello que se atopa na Plataforma de Contratación do Sector Público para xeral coñecemento, con arquivo do expediente, sen prexuízo da iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

3º) Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para o seu coñecemento.

O Pleno toma coñecemento.



#### **5º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL O DÍA 10.02.2025 POR MOR DO PASAMENTO DE XOSÉ VIZOSO.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 10.02.2025, que transcrito di:

Como testemuño da dor do pobo de Brión ante o pasamento de Xosé Vizoso, veciño deste concello, e grande artista multidisciplinar do mundo das artes, esta alcaldía resolve:

1º) Declarar loito oficial o día 10 de febreiro de 2025, durante o cal as bandeiras, en todos os edificios municipais, ondearán a media hasta.

2º) Mostrar a condolencia e solidariedade deste concello e de todos os veciños de Brión á familia.

O Pleno toma coñecemento.

#### **6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS OU ARITMÉTICOS NO INVENTARIO A 31.12.2023 APROBADO POLO PLENO DO 16.10.2024.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.02.2025 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18.02.2025, que transcrita di:

Resultando que o Pleno con data 16.10.2024 aprobou a última rectificación do inventario de bens do concello referida a 31.12.2023, sendo o resultado final logo de contabilizadas as altas e baixas a cantidade de: 44.716.729,07 euros.

Resultando que ao incluír os datos desta rectificación anual no inventario vixente referido ao 31.12.2022 resulta que existe un erro material no cómputo total.

Realizados polo departamento de secretaría os traballos de depuración de erros detectados tanto en sumas como en restas dos anos anteriores, resulta que o importe do inventario, logo de pasado o documento do inventario existente en formado Word no que se atopaba, a un documento Excel, arroxa unha contía a 31.12.2022 de: 44.048.755,13 euros, e non de: 42.446.246,62 euros.

Resultando que a esta contía deben sumarse as altas do ano 2023 por importe de: 2.562.513,35 euros e restar as baixas producidas durante 2023 por importe de: 292.030,90 euros, resulta unha contía total do inventario a 31.12.2023 de: 46.319.237,58 euros e non de: 44.716.729,07 euros como por erro figuraba.

A xurisprudencia ten establecido un criterio restritivo para apreciar a posibilidade de rectificación de erros materiais limitándoa a aqueles supostos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente ao apreciarse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipóteses ou deducións, ou ben por simples equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si mesmas, sen que sexa preciso acudir a posteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas.

A Sentenza da Sala de lo Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, do 1 de outubro de 2012, sinala con claridade:

*"el error material o de hecho se caracteriza por ser "ostensible, manifiesto, indiscutible y evidente por sí mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y por exteriorizarse prima*

*facie por su sola contemplación" (...), de manera que la aplicación del mecanismo previsto en el citado art. 105.2 de la Ley 30/1992 requiere que concurran, en esencia, las siguientes circunstancias:*

*a) Que se trate de "simples equivocaciones elementales de nombres, fechas, operaciones aritméticas o transcripciones de documentos".*

*b) Que el error "se aprecie teniendo en cuenta exclusivamente los datos del expediente administrativo en el que se advierte".*

*c) Que "el error sea patente y claro, sin necesidad de acudir a interpretaciones de normas jurídicas aplicables".*

*d) Que "no se proceda de oficio a la revisión de actos administrativos firmes y consentidos".*

*e) Que "no se produzca una alteración fundamental en el sentido del acto (pues no existe error material cuando su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica)".*

*f) Que "no padezca la subsistencia del acto administrativo es decir, que no genere la anulación o revocación del mismo, en cuanto creador de derechos subjetivos, produciéndose uno nuevo sobre bases diferentes y sin las debidas garantías para el afectado, pues el acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contenido dispositivo, sustantivo y resolutorio que el acto rectificado, sin que pueda la Administración, so pretexto de su potestad rectificatoria de oficio, encubrir una auténtica revisión", que requiere un procedimiento específico previsto en los arts. 102 y ss. de la Ley 30/1992 .*

*g) Finalmente, se viene exigiendo "que se aplique con un hondo criterio restrictivo (...)".*

Resultando que os erros detectados ao pasar o documento do inventario de Word a Excel da rectificación do ano 2022, son patentes e notorios, e inflúen evidentemente no total da rectificación do inventario a 31.12.2023, e visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º) Rectificar os erros materiais ou aritméticos advertidos no inventario municipal de tal xeito que o importe total do mesmo é de: 46.319.237,58 euros e non de: 44.716.729,07 euros, á data do 31.12.2023, rectificando o acordo do Pleno do 16.10.2024 nos termos sinalados.**

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**7º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ADHESIÓN AO CONVENIO GES 2025-2027.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 15.01.2025, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18.02.2025, que transcrito di:

Visto o convenio de colaboración, publicado na páxina web da FEGAMP, subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e que ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) para as anualidades de 2025-2027.

Ao abeiro do sinalado no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Solicitar a adhesión do Concello de Brión ao convenio de colaboración subscrito entre Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, e en consecuencia, manifestar a vontade deste concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, con efectos do 01.01.2025.

**SEGUNDO.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do decreto da alcaldía nos seus propios termos.

#### **8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

## 10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.02.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 18.02.2025, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2025, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada no mes de decembro de 2024 e no mes de xaneiro de 2025.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 13 de febreiro de 2025, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de CORENTA E SETE MIL CATROCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (47.447,28 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

### RELACION F/2024

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Descuento	Importe líquido	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2024/1815	14/06/2024	153,44	0,00	153,44	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052410827; BOTAS - PERSOAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/1860	18/06/2024	263,65	0,00	263,65	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052424476; VESTIARIO PERSAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/1946	03/07/2024	59,79	0,00	59,79	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052520994; PARKA - VESTIARIO PERSOAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/2460	09/08/2024	70,68	0,00	70,68	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052709243; PARKA - VESTIARIO PERSOAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/2548	23/08/2024	250,03	0,00	250,03	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052743072; PARKAS PERSOAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/2549	23/08/2024	59,79	0,00	59,79	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4052743071; PARKA PERSOAL OBRAS	2025 1532 22104
F/2024/3194	16/10/2024	147,00	0,00	147,00	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1240567009; SGAE REPRESENTACION JB O 26.02.2024 NO PAVILLON	2025 338 22699

F/ 2024/319 5	16/10/2024	187,01	0,00	187,01	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1240567006; SGAE CONCERTO UXIA E A BANDA MOLONA O 15.12.2023	2025 338 22699
F/ 2024/331 7	24/10/2024	412,50	26,25	386,25	33285986H	ANGUEIRA VAZQUEZ, ANA	FRA Nº 02/24; ANIMACION ENCANTRO MAIORES	2025 231 22799
F/ 2024/331 9	30/10/2024	248,05	0,00	248,05	B70271473	CALEMA SANTIAGO S.L.	FRA Nº 24/919; MANTEMENTO CALDEIRA CENTRO SOCIAL - OUTUBRO 2024	2025 231 21200
F/ 2024/347 8	07/11/2024	2.240,00	0,00	2.240,00	B36019990	AUTOCARES RIAS BAIXAS S.L.	FRA Nº 2024 05100134; SERVIZO TRANSPORTE ALUMNADO OBRADOIRO DE EMPREGO	2025 241 22300
F/ 2024/349 2	07/11/2024	968,00	0,00	968,00	B15015985	AUTOS BREA, S.L.	FRA Nº G 244321; ALUGUER VEHICULO 5527KWZ OBRADOIRO EMPREGO - OUTUBRO 2024	2025 241 20400
F/ 2024/350 4	08/11/2024	450,00	0,00	450,00	B70568118	MESQUITEIRA SLU	FRA Nº Rect-Emit- 106; DOCENCIA RUTA DAS HORTAS OS DÍAS 5,12, 17 E 24 DE SETEMBRO	2025 241 22799
F/ 2024/350 7	05/11/2024	453,75	56,25	397,50	53166158 W	CUNDINS NAYA RUTH	FRA Nº 9/2024; ANIMACION ENCANTRO DOS MAIORES NO CENTRO SOCIAL O 03.11.2024	2025 231 22799
F/ 2024/351 1	06/11/2024	403,20	0,00	403,20	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2024/00000030; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - OUTUBRO 2024	2025 231 22712
F/ 2024/357 5	19/11/2024	659,99	0,00	659,99	B72438047	GRUPO TREMOLA S.L.	FRA Nº 183 3; EXPECTATIVA VS REALIDADE - PROGRAMA IGUALDADE E PREVENCIÓN VIOLENCIA XENERO ALUMNO 1º ESO	2025 231 22699
F/ 2024/358 2	18/11/2024	453,75	56,25	397,50	33259232J	DIEZ RECHOU, HIPOLITO	FRA Nº 113/24; SERVIZO ANIMACION ENCANTRO MAIORES NO CENTRO SOCIAL	2025 231 22799
F/ 2024/361 3	27/11/2024	1.446,00	0,00	1.446,00	B70597695	DEDALO SALUD S.L.	FRA Nº P-24 0069; PROGRAMA PREVENCIÓN DE TRASTORNOS ADITIVOS NO AMBITO ESCOLAR (PROGRAMA GROLOS) - OUTUBRO 2024	2025 326 22799
F/ 2024/361 4	22/11/2024	99,30	0,00	99,30	B15781206	ADRIA FLORERIA, S.L.	FRA Nº FAC2024F114; PRODUTOS PROXECTO HORTA - ESCOLA INFANTIL	2025 323 22199
F/ 2024/361 7	22/11/2024	12,00	0,00	12,00	B15781206	ADRIA FLORERIA, S.L.	FRA Nº FAC2024F43; INSCRICION ESPONXAS FLORAIS -	2025 323 22199

							PROXECTO HORTA ESCOLA INFANTIL	
F/2024/3620	27/11/2024	4.955,70	0,00	4.955,70	B36222073	PREFABRICADOS DE BANDEIRA S.L.	FRA Nº P.B.14. 24; SUBMINISTRO GRAVILLA E ZAHORRA - OBRAS	2025 1532 22199
F/2024/3624	28/11/2024	302,50	0,00	302,50	45873227A	TOJO VELASCO CRISTY SHEDIMAR	FRA Nº 31/2024 31/2024; TALLER AUTODEFENSA FEMINISTA	2025 231 22799
F/2024/3646	02/12/2024	133,50	0,00	133,50	B70545967	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA, S.L.	FRA Nº 1 4217; SERVICIO LIMPEZA MONTE BALADO - NOVIEMBRE 2024	2025 241 22700
F/2024/3661	03/12/2024	1.600,02	0,00	1.600,02	B70102181	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA Nº 3404; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO E MERCADILLO - NOVIEMBRE 2024	2025 312 22300
F/2024/3662	03/12/2024	358,40	0,00	358,40	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2024/00000035; PROGRAMA AQUASAN MAIORES DE 60 - NOVIEMBRE 2024	2025 231 22712
F/2024/3678	04/12/2024	770,75	0,00	770,75	B13756473	EL TALLER DE MARUSANA	FRA Nº 13/24; MATERIAL FUNXIBLE CURSO MANUALIDADES SERVIZOS SOCIAIS	2025 231 22199
F/2024/3695	09/12/2024	677,60	0,00	677,60	B15015985	AUTOS BREA, S.L.	FRA Nº G 244839; ALUGUER VEHÍCULO 5527KWZ OBRADOIRO DE EMPREGO - PERIODO 01.11.2024 A 22.11.2024	2025 241 20300
F/2024/3704	09/12/2024	4,26	0,00	4,26	B36307270	COESCO DEZA, S.L.	FRA Nº Emit- 228; SERVICIO ALMORZOS E MERENDAS ESCOLA INFANTIL - NOVIEMBRE 2024	2025 323 22711
F/2024/3846	11/12/2024	439,76	0,00	439,76	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24044; COPIAS SERVIZOS SOCIAIS - PERIODO 25.05.2024 A 11.12.2024	2025 231 21900
F/2024/3860	11/12/2024	344,12	0,00	344,12	H15989460	COMUNIDADE PROPIETARIOS CENTRO COMERCIAL MONTE BALADO	FRA Nº 1 156; COMUNIDADE LOCAL L1-F29 PLANTA 3ª MONTE BALADO (COWORINGIN) - DECEMBRO 2024	2025 241 21200
F/2024/3864	12/12/2024	1.712,15	0,00	1.712,15	34917198R	ALONSO PAYO MANUEL	FRA Nº Emit- 00000273; REPARACION CAMION BOMBEIROS 2356LNS - GES	2025 135 21400
F/2024/3865	12/12/2024	2.575,18	0,00	2.575,18	34917198R	ALONSO PAYO MANUEL	FRA Nº Emit- 00000272; MANTEMENTO E CONSERVACION CAMION BOMBEIROS 2356LNS - GES	2025 135 21400
F/2024/3869	12/12/2024	34,26	0,00	34,26	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE	FRA Nº M 24048; COPIAS ESCOLA INFANTIL - PERIODO	2025 323 21900

						COMUNICACION S.L.U.	25.04.2024 A 03.12.2024	
F/ 2024/388 1	12/12/2024	1.200,00	0,00	1.200,00	G72862436	ASOCIACION MUSICAL A MISELA	FRA Nº 008/24; CONCERTO ESCOLA DE MÚSICA	2025 334 22799
F/ 2024/388 2	12/12/2024	70,12	0,00	70,12	E70567219	FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ C.B.	FRA Nº 2024/0009; PRODUTOS FARMACEUTICOS ESCOLA INFANTIL	2025 323 22106
F/ 2024/388 3	12/12/2024	33,90	0,00	33,90	E70567219	FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ C.B.	FRA Nº 2024/0026; PRODUTOS FARMACEUTICOS ESCOLA INFANTIL	2025 323 22106
F/ 2024/388 7	13/12/2024	269,92	0,00	269,92	B85826832	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	FRA Nº 5626202468001578; SUBMINSTRO MEZCLA BITUMINOSA BACHEO	2025 1532 22199
F/ 2024/392 7	19/12/2024	207,01	0,00	207,01	A28076420	REPSOL BUTANO,S.A	FRA Nº 0097746527; SUBMINISTRO BOTELLAS GAS PROPANO GES	2025 135 22102
F/ 2024/392 9	19/12/2024	322,84	0,00	322,84	B84527977	CUALTIS S.L.	FRA Nº IFC2412- 06630; SERVIZO PREVENCIÓN (DISCIPLINA TECNICA E VIXILANCIA SAÚDE)	2025 920 22699
F/ 2024/393 6	19/12/2024	453,75	56,25	397,50	53166158 W	CUNDINS NAYA RUTH	FRA Nº 10/2024; ANIMACION ENCONTRO MAIORES NO CENTRO SOCIAL O 15.12.2024	2025 231 22799
F/ 2024/393 7	18/12/2024	248,05	0,00	248,05	B70271473	CALEMA SANTIAGO S.L.	FRA Nº 24/1.076; MANTEMENTO CALDEIRA CENTRO SOCIAL - DECEMBRO 2024	2025 231 21200
F/ 2024/394 8	22/12/2024	575,96	0,00	575,96	B15604432	BARBATANA, S.L.	FRA Nº E-24 125; ACOMPAÑAMENTO ACTIVIDADE ENCONTROS PARA MAIORES NO CENTRO SOCIAL - OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2024	2025 231 22799
F/ 2024/395 3	23/12/2024	400,00	0,00	400,00	34269814K	VAZQUEZ FIGUEIRAS ANTIA	FRA Nº Emit- 400; REPRESENTACION APALPADORA	2025 3321 22699
F/ 2024/395 9	23/12/2024	120,00	0,00	120,00	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	FRA Nº F24 5505; SERVIZO CONTROL LEXIONELLA - ESCOLA INFANTIL	2025 323 22799
F/ 2024/396 1	23/12/2024	1.200,01	0,00	1.200,01	B43522192	AGMA S.L.	FRA Nº 2024 2095; CONCERTO NADAL ESCOLA DE MÚSICA	2025 334 22699
F/ 2024/396 2	24/12/2024	33,82	0,00	33,82	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUESES ,S.L.	FRA Nº Emit- 186680; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2025 1532 22111
F/ 2024/397 8	27/12/2024	15,55	0,00	15,55	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE24137029790963; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. BALADO 9001 03 L2 - PERIODO 28.11.2024 A 18.12.2024	2025 241 22100

F/ 2024/398 0	30/12/2024	133,50	0,00	133,50	B70545967	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIEN OS CORUÑA, S.L.	FRA Nº 1 4637; SERVIZO LIMPEZA LOCAL SOCIAL MONTE BALADO - DECEMBRO 2024	2025 241 22700
F/ 2024/398 1	30/12/2024	1.200,08	0,00	1.200,08	44815041R	GARCIA GIRAUT CANDIDO ALBERTO	FRA Nº A 21; VESTIARIO PERSOAL ESCOLA INFANTIL	2025 323 22104
<b>TOTAL</b>		<b>27.815,07</b>	<b>195,00</b>	<b>27.620,07</b>				

### F/2025/5

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Descuen to	Importe líquido	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/8	16/01/2025	138,86	0,00	138,86	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº A24 1401; MATERIAIS LIMPEZA ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2024	2025 323 22110
F/2025/9	16/01/2025	83,00	0,00	83,00	B06857338	LAG INFINITY SLU	FRA Nº IN24006800; SUBMINISTRO GASOLINA POLICIA LCAL E ACEITE GES - DECEMBRO 2024	Multiplificac ión
F/ 2025/11	16/01/2025	968,00	120,00	848,00	36082782Z	ABAL LOURIDO, CARLOS	FRA Nº 7-2025 Emit- 236; INTERVENCION LETRADO EN P.O. 189/2023 FRENTE LOURDES GOMEZ NO XDO. C/A Nº1 A CORUÑA	2025 920 22604
F/ 2025/13	16/01/2025	778,09	0,00	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº 06 25; XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - DECEMBRO 2024	2025 1621 22799
F/ 2025/16	16/01/2025	565,20	0,00	565,20	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4004198413; SERVIZO CORREOS - DECEMBRO 2024	2025 920 22201
F/ 2025/17	16/01/2025	49,15	0,00	49,15	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4004196569; SERVIZO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2024	2025 920 22201
F/ 2025/169	16/01/2025	1.331,00	0,00	1.331,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FRA Nº P24 011006; PUBLICIDADE NADAL E EL COMARCAL - DECEMBRO 2024	2025 920 22602
F/ 2025/172	16/01/2025	145,20	0,00	145,20	B15487333	MAQUINARIAS OTERO,S.L.	FRA Nº Emit- 415; CAÑON SECADOR INFRARROJOS ACTIVIDADES CONCILIA - PERIODO 23.12.2024 A 31.12.2024	2025 231 22799
F/ 2025/177	16/01/2025	176,94	0,00	176,94	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL,S.A.	FRA Nº 5549115066; ITV MITSUBISHI 1161FGY, CAMION IVECO 4146GFS E MERCEDES BENZ 4609FWY	Multiplificac ión
F/ 2025/178	16/01/2025	210,59	0,00	210,59	A28945608	IBERGRUAS, S.A.	FRA Nº IBGS- 24060052;	2025 1532



							SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	22111
F/ 2025/193	02/01/2025	300,00	0,00	300,00	B13756473	EL TALLER DE MARUSANA	FRA Nº 17/24; MATERIAS CURSO MANUALIDADES - SERVIZOS SOCIAIS	2025 231 22199
F/ 2025/194	02/01/2025	75,41	0,00	75,41	B13756473	EL TALLER DE MARUSANA	FRA Nº 18/24; MATERIAIS CURSO MANUALIDADES NENOS	2025 333 22699
F/ 2025/195	02/01/2025	82,76	0,00	82,76	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 24/00375; REPARACION MAQUINA SAL	2025 1532 21300
F/ 2025/196	02/01/2025	85,20	0,00	85,20	76701527T	LYDIA NUÑEZ GARCIA	FRA Nº 99; MATERIAIS DISFRACES CABALGATA REIS	2025 338 22699
F/ 2025/197	02/01/2025	145,20	0,00	145,20	B70560735	INSTALACION Y MANTEN. MIGUENS S.L.	FRA Nº 24215; REPARACION CALEFACCION LOCAL BIBLIOTECA E POLICIA LOCAL	2025 3321 21200
F/ 2025/198	03/01/2025	268,80	0,00	268,80	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 2023/F2025/00000001; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - DECEMBRO 2024	2025 231 22712
F/ 2025/199	07/01/2025	122,69	0,00	122,69	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F24/4821; BOBINA MECHA - PRODUTOS HIXIENE ESCOLA INFANTIL	2025 323 22106
F/ 2025/200	07/01/2025	147,23	0,00	147,23	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F24/4164; BOBINA MECHA - PRODUTOS HIXIENE ESCOLA INFANTIL	2025 323 22106
F/ 2025/201	08/01/2025	99,09	0,00	99,09	B15064678	COMERCIAL MANUEL LATA,S.L.	FRA Nº 4404567/01; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2025 1532 22111
F/ 2025/207	13/01/2025	2.541,00	0,00	2.541,00	B15497142	GRUPO BACOGA GALICIA, S.L.	FRA Nº 06/24; ALUGUER XENERADOR FESTAS BASTAVALES. BOULLON E O TREMO - SETEMBRO E OUTUBRO 2024	2025 338 20800
F/ 2025/208	13/01/2025	2.541,00	0,00	2.541,00	B15497142	GRUPO BACOGA GALICIA, S.L.	FRA Nº 05/24; ALUGUER XENERADOR FESTAS CORNANDA, E O TREMO - AGOSTO 2024	2025 338 20800
F/ 2025/209	13/01/2025	2.541,00	0,00	2.541,00	B15497142	GRUPO BACOGA GALICIA, S.L.	FRA Nº 04/24; ALUGUER XENERADOR FESTAS ENTROIDO, ANXELES, SAN SALVADOR E SANTO ARANDEL - ANO 2024	2025 338 20800
F/ 2025/220	17/01/2025	380,00	0,00	380,00	B86754025	EPI PRENSA S.L.U.	FRA Nº S 2024/0000064; SUBSCRICION EL CORREO GALLEGO	2025 231 22001

							SERVIZOS SOCIAIS - ANO 2024	
F/ 2025/226	17/01/2025	726,00	0,00	726,00	34996730E	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA Nº 151/24; SERVICIO GABINETE COMUNICACION EXTERNO - DECEMBRO 2024	2025 491 22721
F/ 2025/227	19/01/2025	80,40	0,00	80,40	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA7CT0090576; TELEFONO FIXO 981283885 - XANEIRO 2024	2025 920 22200
F/ 2025/228	19/01/2025	85,09	0,00	85,09	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA7CT0090575; TELEFONO FIXO 981887276 - XANEIRO 2025	2025 920 22200
F/ 2025/229	20/01/2025	137,64	0,00	137,64	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 191768; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2025 1532 22111
F/ 2025/234	22/01/2025	34,00	0,00	34,00	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250003252; SGAE CONCERTO PAKOLAS O 04.11.2022	2025 338 22699
F/ 2025/235	22/01/2025	68,00	0,00	68,00	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250003250; SGAE CONCERTO MANOELE DE FELISA O 28.06.2024	2025 338 22699
F/ 2025/236	22/01/2025	73,89	0,00	73,89	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250003251; SGAE ACTUACION FEDERICO PEREZ E MARCOS PEREIRO O 31.03.2023	2025 338 22699
F/ 2025/237	22/01/2025	1.101,10	0,00	1.101,10	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº A 250013; MANTENIMENTO LIÑAS CENTRALITA - DECEMBRO 2024	2025 920 22200
F/ 2025/238	22/01/2025	108,90	0,00	108,90	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250005533; SGAE REPRESENTACION A PARABOLA DO ANGAZO O 15.11.2024	2025 338 22699
F/ 2025/250	24/01/2025	29,45	0,00	29,45	B70469606	PANADERIA OZA S.L.U.	FRA Nº 192; BARRAS DE PAN ESCOLA INFANTIL - PERIODO 02.01.2024 A 31.07.2024	2025 323 22105
F/ 2025/256	10/01/2025	1.640,00	0,00	1.640,00	G70135850	CLUB CICLISTA CIDADE DE SANTIAGO	FRA Nº 9-2024; ORGANIZACION I TROFEO DE CICLO CROSS CONCELLO DE BRION 2024	2025 341 22699
F/ 2025/258	28/01/2025	1.200,00	0,00	1.200,00	G70236955	ASOC. CULTURAL DE PERSONAS CIEGAS Y CON DISCAPACIDAD VISUAL DE GALICIA	FRA Nº 03/2024; REPRESENTACION ""ARROUTADA"" O 21.09.2024 - VII FESTIVAL BRION INCLUE	2025 334 22799
F/ 2025/260	13/01/2025	453,75	56,25	397,50	33259232J	DIEZ RECHOU, HIPOLITO	FRA Nº 121/24; ANIMACION ENCONTRO	2025 231 22799

							MAIORES NO CENTRO SOCIAL O 29.12.2024	
F/ 2025/267	29/01/2025	118,58	0,00	118,58	J70304829	HJC RECAMBIOS	FRA Nº 24000521; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA	2025 1532 22111
<b>TOTAL</b>		<b>19.632,21</b>	<b>176,25</b>	<b>19.455,96</b>				

**Segundo.-** Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

## 11º) MOCIÓNS.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o seu grupo presentara dúas, pero que logo dunha reunión onte co alcalde, renuncian á presentación da moción para solicitar a revogación da autorización de uso do campo de fútbol de Cornanda por parte da entidade privada Moto Club Compostela, polo compromiso acadado de que nos xuntaremos todos os grupos e os veciños, e decidir en consecuencia.

Aprobase por unanimidade dos once membros presentes a urxencia do seguinte asunto:

### 11.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A APROBACIÓN POR LEI E A POSTA EN MARCHA DUNHA VALEDORÍA DE IGUALDADE.

Dada conta da moción referenciada pola Srª Concelleira Andrade Carrillo, que transcrita di:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O feminismo, máis que nunca neste inicio de 2025, é unha necesidade para responder ao rearme do machismo e ao avance das posicións máis reaccionarias e mesmo fascistas ao longo do planeta. Hai xa máis de cen anos que o 8 de marzo comezou a recoñecerse e consolidarse como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres e a forma de honrala é impulsar avances concretos para que os dereitos lexislados sexan dereitos reais.

Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios lexislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións. Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas. Hoxe, vemos con preocupación as consecuencias da concatenación de crises nas mulleres galegas, que seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito socio económico e soportando o desmantelamento dos servizos públicos, especialmente no ámbito da dependencia e da conciliación.

Así, a fenda salarial continúa, continúa a sobrerepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos de maiores ingresos.

O feito de que haxa innumerables dereitos e medidas recollidas no marco legislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos. Por iso, a reivindicación do 8M debe apostar por ferramentas concretas e fuxir de declaracións de intencións.

Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación par razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

**1º)** A Corporación municipal do Concello de Brión reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base.

**2º)** A Corporación municipal do Concello de Brión demanda da Xunta de Galiza o impulso dun proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei antes do remate do ano 2025 dunha Valedoría de Igualdade, autoridade independente de defensa cidadá que asesore e asista diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que votaremos a favor como sempre facemos nos temas de igualdade.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **12º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **12.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:**

#### **1. Sobre a gravación dos plenos.**

Vemos con incredulidade e preocupación o pouco interese que amosa a goberno municipal na información e transparencia que se achega aos veciños e veciñas que teñen o lexítimo dereito a ser informados de forma directa e sen intermediarios parciais. Diante das dúbidas sementadas respecto ao que se di ou non se di nos plenos municipais aos que acudimos en representación de toda a veciñanza, solicitamos unha vez máis que se adopten as medidas necesarias para a gravación cando mínimo (senón son capaces de emitir por streaming) dos plenos municipais. Agardamos, coma sempre, que se eludan responsabilidades en outras administracións e nos funcionarios como ven sendo habitual por parte de quen goberna este concello, pero entendemos que os veciños necesitan desta información e así poder valorar as mentiras ou verdades que emiten certas redes sociais dalgúns partidos políticos entre outros aspectos.

Falamos da gravación pero podíamos falar dos horarios plenarios, das respostas aos cidadáns ou das mesas de contratación, entre ducias delas.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que unha vez máis tomamos nota do seu rogo, estamos a traballar para tomar as medidas necesarias, cumprimos coa transparencia e as actas dos plenos están a disposición de veciños na sede electrónica do concello.

#### **2. Sobre a modélica xestión das inundacións.**

O pasado 27 de xaneiro o goberno municipal utilizaba unha vez máis as redes do concello para autocomprarse sobre o que eles din que foi unha xestión municipal das inundacións durante a borrasca Herminia. Para iso poñen en valor, sen rubor algún, os traballos feitos especialmente en aldeas como O Cabo, Estrar ou O Rial .... sen ter en conta as numerosas incidencias que tiveron estas aldeas entre outras. Incidencias algunhas das cales eran inevitables pero outras xa veñen sendo reiterativas como este grupo denunciou en diversas ocasións seguindo visitas in situ e queixas dos veciños (imos facer spoiler: non lle preguntamos o voto a quen nos chama). Os problemas non soamente son polas inundacións, senón polo subministro eléctrico ou polo estado das estradas e pistas de acceso a vivendas.

A pregunta é sinxela, que pensa facer o concello para evitar realmente, máis aló da auto publicidade pagada por todos e todas, que a maior parte dos problemas non se repitan borrasca tras borrasca? Hai previsto facer algún inventario de zonas inundables e/ou vivendas en risco? Hai algún protocolo de actuación real? Vanse limpar as cunetas cando toca e sen reclamación obrigada polo medio? En definitiva, cando vai comezar traballar o concello con esta problemática?

Por certo, todas as vivendas que están nestas zonas pensamos, agardamos que sexa así, teñen permiso de edificabilidade facilitado polo Concello de Brión, dicímolo por algunhas respostas que tivernos que escoitar estes días que son cando menos desagradables e fora de lugar.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que antes de que se me responda quero manifestar o meu agradecemento ao traballo feito polo concelleiro de obras neses días, porque solicitei o arranxo dunha pista e fíxoo.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que en primeiro lugar quero dar as grazas aos traballadores do concello, aos membros de GES e ao alcalde e concelleiros polo traballo deses días, e sinala que aos veciños se lles deu información verdadeira; engade que temos un protocolo e se limpan as cunetas e conseguíuse o obxectivo; respecto de inventario de zonas inundables non o imos facer porque xa está feito e é público e pode verse na páxina da Xunta de Galicia, nós non temos competencias en materia de ríos e engade que Brión ten un PXOM que di onde se pode edificar e onde non, nós podemos aconsellar que se faga ou non, pero non podemos prohibir a construción onde o plan o permite; o Plan Inungal da Xunta é do 2017, polo que dificilmente podemos ter iso no PXOM; e remata sinalando que o primeiro que fixo o alcalde foi reunirse cos veciños e fixo moitas actuacións, nós traballamos polos veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que obviamente todas as cunetas non están limpas e non se lle pode dicir a un veciño que non fixera a casa alí.

O Sr. Alcalde sinala que estamos a traballar cunha empresa para ver que se pode facer alí, dentro das nosas competencias; engade que eu non creo que sexa certo que eu dixera que non podía facer alí a casa, eu digo que hai garaxes que están nun sitio que en materia de augas non se permiten e llo dixen eu.

### **3. Sobre a seguridade no baixo da autovía.**

Durante o mes de xaneiro voltamos preguntar pola seguridade baixo a ponte de autovía. Días despois, esta vez si, para sorpresa de todos e todas recibimos a resposta á nosa reclamación metida polo rexistro. Para sorpresa (ou non tanto) nesa resposta máis na resposta (por chamala dalgún xeito) feita a través das redes do "partido que goberna", o goberno municipal simplemente dedicase a eludir o problema, eludir competencias, insultar á oposición por "facer política", etc, etc .... Como o que realmente nos importa é a seguridade máis aló das mentiras e descualificacións persoais que terán a súa debida resposta por parte das persoas sobre as que se verten acusacións e mentiras, esiximos ao Concello de Brión solucione dunha vez o tema da seguridade neste punto negro (negro polo da escuridade, non ten que ver coa dirección xeral de tráfico) e se analicen todos e cada un dos posibles puntos de perigosidade deste concello. Esiximos, xa posto a caer nos personalismos que tanto gusta este equipo de goberno que todas as estradas cando mínimo teñan a mesma luminosidade e seguridade que ten a estrada que vai cara á aldea de Saíme, pase quen pase por elas, transite quen transite e voten a quen voten.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que as velocidades por alí non son axeitadas e a seguridade si é competencia do concello, aínda que a estrada non é nosa.

Neste intre abandona o Pleno a Sr<sup>a</sup>. Concelleira Andrade Carrillo.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que esa estrada non é nosa e que non se insultou nin faltou ao respecto a ninguén, e que o lugar de Saíme está iluminado como outros do concello e

antes de que remate o mandato estará todo o concello con luces Led, pola achega ao concello de 2,7 millóns do IDAE.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós sempre somos respectuosos e dicimos as cousas con educación e respecto, e se nos equivocamos o asumimos, pero non insultamos. Insistimos en que alí un día teremos unha desgraza, que cando é de noite hai pouca luz e o tema da seguridade é do concello.

O Sr. Alcalde pregunta porqué ese paso de peóns e non outros?; está iluminado convenientemente, máis xa non podemos facer, hai un foco de luz por cada lado e sinais luminosas que puxo a Xunta, podíamos poñer un semáforo pero a Xunta non o autoriza.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós poñemos en coñecemento o que os veciños nos comunican, na nosa opinión e na dos veciños hai un problema de seguridade e o foco ilumina moi pouco, hai xente que pasa por alí co coche a toda velocidade e pasa moitísima xente por alí.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que ás 8 da mañá as baterías están apagadas, non dan máis.

O Sr. Alcalde sinala que intentaremos cambialas para que duren máis, esas foron recomendadas polos técnicos, intentaremos substituílas por outras na medida do posible.

#### **4. Sobre problemática veciñal na aldea de Boullón.**

Recibimos queixas dalgún veciño (imos obviar o nome en público) por un tema de uso de accesos públicos para usos privativos así como de espazos de edificabilidade. Como estas queixas veñen sendo habituais dependendo de quen ou para quen é o uso solicitamos do concello unha resposta oficial, nos tempos establecidos e da forma oficial que corresponda a este veciño e a calquera outro que o precise, sen ter que estar acudindo á valedora do pobo constantemente.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que non temos resposta porque descoñecemos a que se refire.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que segundo unha veciña presentou escrito por rexistro e non se lle contestou.

O Sr. Alcalde sinala que dime despois cal é o problema e tentaremos solucionalo.

#### **5. Sobre as obras na estrada AC-300.**

Estamos a ver como nas obras de acondicionamento, máis que necesarias, da AC300 ao seu paso pola zona dos Ánxeles e A Gándara está a ocasionar problemas de paso para a veciñanza que utiliza de xeito habitual esta vía. Xa expresamos telefonicamente as queixas dalgúns veciños e comentóusenos que se ía falar coa empresa encargada das obras. O certo é que o descontrol que existía no seu día na Gándara trasladouse agora mesmo á zona entre a rotonda dos Ánxeles e a gasoleira. Rogarnos se tomen as medidas necesarias para facilitar o paso de peóns coas condicións de seguridade acaídas. Sabemos, antes de que o digan, que a estrada non é do concello, pero os veciños e veciñas si que o somos.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que a AC-300 da que falan ten falta de melloras, pero

que deben referirse a AC-543, tomamos nota e xa se falou coa empresa e dirección de obra para ver se se pode mellorar algo.

O Sr. Alcalde sinala que é unha obra complicada, porque leva cambio de tubaxes, e non se está facendo ben, habería que cortar a estrada como di a dirección, o tránsito moi ordenado pola empresa non foi, e falaremos co director de obra para mellorar iso.

Remata dicindo que a empresa Ponciano Nieto está asfaltando en quente por xestións que fixo o concello e a dirección de obra para arranxar as deficiencias da obra que fixo e van solucionar iso, que non veña o chiste de que en Saíme vaise traballar porque o van facer nesa estrada e nos lugares que quedaron mal, para que o saibades.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González